



Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo

OMNI **JUAN PABLO**
MASTROIANNI
TEMPORE

JUAN PABLO MASTROIANNI

Nacido en Buenos Aires, Arxentina (1957); residente na cidade de Lugo dende o ano 2002. Cursou estudos artísticos na Academia de Bellas Artes Diego Queckuti (1969-1974) e na Academia de Arte Superior *Nueva Escuela* (1979-1981).

Ao longo da súa traxectoria frecuentou obradoiros de pintores “boquenses” coma Pedro Simone, Oscar Corsi, Aldo Paparella, Susana Fernández Paglia ou o do seu tío Vittorio Mastroianni, pintor, escultor e ceramista.

As obras de Juan Pablo Mastroianni caracterízanse pola utilización da técnica mixta, o collage e o uso non ortodoxo de diversos materiais.

EXPOSICIÓNS

MERCADO DA ARTE.
A ARTE NO MERCADO
Exposición colectiva. Mercado Municipal de Lugo. Maio 2015

OMNI TEMPORE
Exposición individual.
Casa da Cultura de Noia, A Coruña.
Marzo 2015

Casa da Cultura de Vegadeo,
Asturias. Decembro 2014

CULTURAS EN DIÁLOGO
Exposición colectiva.
Museo provincial de Lugo.
Deputación de Lugo. Ano 2014

EXPOSICIÓN INDIVIDUAL
Café do Pousadoiro, Lugo. Ano 2013

EXPOSICIÓN INDIVIDUAL
Mesón Colón de Nadela, Lugo. Ano 2012

ENTOLEARTE
Exposición colectiva. Castro
Ribera de Lea. Ano 2011

CURSOS E OBRADOIROS IMPARTIDOS

MANCHARTE
Obradoiro de expresión artística no contexto da exposición colectiva MERCADO DA ARTE. A ARTE NO MERCADO. Mercado Municipal de Lugo. Maio de 2015

XOVES DE PINTURA
Curso no marco das actividades en homenaxe a Julia Minguillón. Museo Provincial de Lugo. De setembro a novembro de 2014

IDENTIDADE 2.0
Curso destinado a incentivar a expresión artística e o seu contido de connotación espiritual nun contexto social e cultural. Impartido coa colaboración do psicólogo Antonio Mourín Pedraza. Centro de actividades socioculturales (FRIGSA) Monte Faro, 2, Lugo
Novembro de 2013

Galicia e Arxentina... Arxentina foi unha segunda patria para centos de milleiros de galegos e galegas que emigraron en busca dunha vida mellor, e tamén de moitos artistas da nosa Terra que atoparon naquela gran república un ancho campo para a súa arte: Luís Seoane, Colmeiro, Laxeiro, Maruja Mallo, o propio Castelao, por non citar máis ca cinco grandes nomes do exilio republicano.

Pero a comunicación á inversa tamén se dá, como proba (entre outros) o caso de Juan Pablo Mastroianni, arxentino de nación e galego de adopción, que naceu e se formou como artista en Buenos Aires e agora vive e traballa en Lugo dende hai máis dunha década.

Culturas en diálogo: así se chama un dos proxectos artísticos nos que Mastroianni ten participado, precisamente referido ao diálogo cultural entre Galicia e Arxentina, quizabes o máis frutífero que se ten producido en toda a historia contemporánea do noso país.

Por iso, e por outras razóns, é para nós unha gran satisfacción contar con esta fermosa exposición no MIHL, un centro que non é só un museo do pasado, senón tamén un privilexiado lugar de encontro e diálogo cultural en diversos eidos como son a literatura, a música, a pintura, as artes en xeral.

*Carmen Basadre Vázquez
Concelleira de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua*

Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo

"ESTA É A PEQUENA HISTORIA DOS MEUS SILENCIOS. UN CÚMULO MUDO E SOMBRÍO QUE FINALMENTE A LUZ MATERIALIZOU EN ÉXTASE IMAXINATIVA, FACÉNDOME CRECER, CRER E CREAR.

A VIDA ENVELLECE MENTRES DENTRO DE MIN SEGUEN CHIANDO OS PAXAROS DA MIÑA ALMA ACTIVA E LIBRE.

CORES E TEXTURAS QUE AXIGANTAN OS MEUS SOÑOS, DIVAGANDO SEN LÍMITES, AÍNDA QUE A CLARIDADE SEXA BREVE; ESTE RELATO É O MEU RETRATO."

MOMENTO AZUL. Esmalte sintético, 40 x 50 cm. 2013





UN CEO ROTO. Técnica mixta, 29,5 x 42 cm. 2013



PENSATIVA. Técnica mixta, 32 x 50 cm. 2011



ESPERÁNDATE. Técnica mixta, 32 x 50 cm. 2011




O PECADO E O SEU ARREPENTIMENTO. Esmalte sintético, 60 x 81 cm. 2013



BOCAS PINTADAS. Técnica mixta, 50 x 70 cm. 2013

FÓRA DO CEO. Técnica mixta, 62 x 82 cm. 2014



ALGUNHA VEZ FOI O COMEZO. Técnica mixta, 81 x 100 cm. 2014



PUNTO AZUL. Técnica mixta, 32,5 x 45 cm



DESDE O XARDÍN. Técnica mixta, 75 x 105 cm. 2013


OLLADA ENTRE AS FLORES. Técnica mixta, 48 x 60 cm. 2012





PARELLA DE CIRCO. Técnica mixta, 50 x 70 cm. 2013

PAISAXE. Técnica mixta, 46 x 55,5 cm. 2013






Se queres estar informada/o todo o ano da actualidade cultural e turística síguenos nas redes sociais

@LugoTurismo

facebook.com/LugoTurismo

ou na web:

lugo.gal



Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo



Concello de Lugo